



Benqueridas familias:

Un ano máis dende o C.X. Ateibo e xunto coa Federación de Centros Xuvenís Don Bosco de Galicia estamos a organizar a campaña de verán.

Xa está aberto o período de **preinscrición** que se pechará o **15 de marzo**, posto que cada campamento terá un máximo de participantes en función do aloxamento e das idades.

A continuación detallamos o proceso de inscrición:

Xa podedes preinscribivros no Centro Xuvenil aos campamentos de Saltimbanquis, Andaina, ADS e Catecumenado (até o 15 de marzo). A reserva de praza farase por orde de entrega da preinscrición e tódolos participantes que se preinscriban neste período terán praza asegurada.

Xunto coa preinscrición pagarase unha cota de 50€ para todos os campamentos excepto Saltimbanquis, que será de 15€.

Entre o 15 de marzo e o 31 de maio formalizarase a inscrición definitiva dos participantes, e se aboará o resto da cota. Soamente poderán inscribirse novos participantes se quedasen prazas libres.

A partir do 15 de marzo en caso de baixa non se devolve o diñeiro da preinscrición.

Comunicarvos tamén que o **venres 3 de marzo, ás 16:45 h** (durante a actividade dos/as nenos/as) no salón de actos do colexio, teremos unha **reunión con todas as familias** para informaros e presentarvos a oferta da campaña de verán 2023, máis concretamente dos campamentos do itinerario de educación na fe (Saltimbanquis, Andaina, ADS, Catecumenado,...). Convidámosvos a participar para que poidades preguntarnos todas as dúbidas que teñades e poidades levar a información de cada unha das actividades que realizaremos este verán.

Para calquera dúbida podedes consultar por e-mail, por teléfono ou aos responsables dos distintos grupos.

Sen máis, e animando a que poidades acudir á cita, recibide un agarimoso saúdo.

O equipo de Animadores/as de ATEIBO

(Cortar pola liña e entregar)

## Ficha de Preinscrición de Campamentos 2023

Nome: \_\_\_\_\_ Apelidos: \_\_\_\_\_ Curso académico \_\_\_\_\_

Data de nacemento: \_\_\_\_/\_\_\_\_/\_\_\_\_ Teléfonos de contacto: \_\_\_\_/\_\_\_\_

Nome do pai/nai/titor: \_\_\_\_\_

Campamento no que se preinscribe:

- Saltimbanquis – Castrelo (Cambados)/95€ (30 xuño – 2 xullo)  
 Andaina – Castrelo (Cambados)/245€ (2 –9 xullo)  
 ADS – Castrelo (Cambados)/245€ (9 –16 xullo)  
 Iniciación 1 e 2- Castrelo (Cambados )/245€ (16 –23 xullo)

- Catecumenado 1 e 2 –Castrelo (Cambados)/245€ (23-30 xullo)  
 Catecumenado 3 e Postcatecumenado – Participación na JMJ de Lisboa (1 – 6 agosto) – INSCRICIÓN PROPIA

Cantidade pagada:  
Data de entrega:

**Nº conta:** ES64 0075 8963 84 0600105619 (BANCO SANTANDER)

**Concepto:** Nome Campamento + Nome do participante

*A entidade conta co seguro obrigatorio de responsabilidade civil, de acordo co Decreto de Tempo Libre 50/2000 de Galicia, do 20 de Xaneiro, o cal non cubre accidentes nin asistencia sanitaria dos usuarios/as nas actividades da mesma, polo cal é imprescindible que leven a súa tarxeta sanitaria para poder participar nas mesmas.*

*A partir do 15 de marzo en caso de baixa non se devolve o diñeiro da preinscrición.*

### RESGARDO (A COMPLETAR POLA ASOCIACIÓN)

Nome e Apelidos (participante): \_\_\_\_\_

Cantidade pagada: \_\_\_\_\_ (efectivo/conta) Data de entrega: \_\_\_\_\_

Selo

Sinatura (Representante da Asociación)